Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 29 DE NOVEMBRO DE 2024 VIERNES, 29 DE NOVIEMBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 231

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles e publicación do seu texto íntegro

ANUNCIO

Durante a exposición ó público do acordo provisional que adoptou o Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2024, sobre a "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles", non se presentaron alegacións polo que o acordo de aprobación provisional quedou definitivamente aprobado.

Por todo iso, publícase integramente a modificación da Ordenanza para os efectos establecidos no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

"Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles

Artigo 1.º. Natureza e fundamento

De conformidade co previsto no artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.º. Tipo de gravame

1. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,40 por cento".

2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,6 por cento.

3. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable os bens inmobles de características especiais, definidos estes no artigo 8 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, e sitos no termo municipal de Bergondo, queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 3.º.Exencións

1. En virtude do artigo 62.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a exención dun importe mínimo combinado de 2,00 € (dous euros e cero céntimos) por liquidación e de 12,00 € (doce euros e cero céntimos) por contribuínte (unidade fiscal), para practicar liquidacións polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, de tal xeito que non se practiquen liquidacións cando a cota resultante non chegue ós 2,00 € e tampouco cando a totalidade das cotas dunha mesma unidade fiscal non chegue ós 12,00 €, aínda que unha ou varias delas chegue ós 2,00 €.

Artigo 4.º.Bonificacións

1. En virtude do artigo 73.1 texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso se poda exceder dos tres períodos impositivos.

2. En virtude do artigo 73.2, parágrafo segundo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aplicarase unha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, e por un período de tres anos.

Esta bonificación concederase previa petición do interesado e posteriormente á aplicación da bonificación obrigatoria recollida no artigo 73.2 parágrafo primeiro, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que establece a bonificación do 50% por un período de tres anos para este mesmo tipo de bens inmobles.

3. En virtude do artigo 74.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aplicarase unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia

Número de anuncio 2024/8469

numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 150.000,00 euros.

Así mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmoble sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, que están empadroados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

4. En virtude do artigo 74.5 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación na cota íntegra do imposto para as seguintes tipoloxías de instalacións renovables:

Instalacións con paneis fotovoltaicos para autoconsumo

Instalacións con colectores solares térmicos

4.1 Gozarán desta bonificación, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao do rexistro do certificado da instalación (térmica ou eléctrica) en Industria (procedementos IN622B ou IN614C respectivamente), os inmobles de uso resindencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos e os inmobles titularidade das persoas xurídicas e comunidades de bens que desenvolvan a súa actividade principal no termo municipal do Concello de Bergondo no que deben ter o domicilio social.

- 15% se se instalan paneis térmicos unicamente en inmobles de nova construción
- 30% se se instalan paneis térmicos unicamente en inmobles preexistentes
- 20% se se instalan paneis fotovoltaicos unicamente en inmobles de nova construción
- 40 % se se instalan paneis fotovoltaicos unicamente en inmobles preexistentes
- 25 % se se combinan no mesmo inmoble as dúas instalacións mencionadas no punto 1 (paneis fotovoltaicos para autoconsumo e colectores solares térmicos) en inmobles de nova construción
- 50 % se se combinan no mesmo inmoble as dúas instalacións mencionadas no punto 1 (paneis fotovoltaicos para autoconsumo e colectores solares térmicos) en inmobles preexistentes

4.2 Xunto coa presentación da solicitude da bonificación, os interesados deben achegar os seguintes documentos:

1. Acreditación da titularidade catastral de inmoble.
2. Acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello no momento da concesión da bonificación
3. Acreditación da licenza de primeira ocupación, ou documento equivalente (céduda de habitabilidade, etc) para os inmobles de nova construción.
4. Acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa (segundo corresponda ao tipo de instalación a realizar).
5. Certificado de eficiencia enerxética do ben, antes e despois da mellora nas instalacións, onde polo menos se mellore unha letra (no caso de bens xa existentes). Os inmobles de nova construción deben contar, como mínimo, cunha clasificación letra B.
6. Facturas da instalación realizada e xustificantes de pago.
7. Recibo da compañía eléctrica anterior á instalación de aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía solar cunha antigüidade non superior a 6 meses á instalación fotovoltaica ou colector térmico.
8. Memoria técnica da instalación a realizar coas especificacións, fichas dos equipos e xustificación do cumprimento dos requisitos establecidas no punto 4.4 dos sistemas renovables instalados (requisitos das instalacións renovables).
9. Declaración responsable da empresa instaladora, conforme cumpre cos requisitos esixidos na Lexislación vixente para realizar os traballos encargados (habilitación profesional, persoal cualificado, avaliación de riscos).
10. Presentación do certificado da instalación Térmica (IN622B) ou Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) (IN614C) dilixenciado polo organismo territorial competente (Delegación de Industria da Xunta de Galicia) segundo corresponda.
11. Que o suxeito pasivo acredite a condición de vivenda habitual do inmoble mediante a presentación de certificado de empadroamento, para o caso dos inmobles de uso residencial.

Non se concederá a bonificación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía solar sexa obrigatoria en cumprimento da normativa específica na materia.

Número de anuncio 2024/8469

4.3 Esta bonificación ten carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións establecidas e se acredite perante o Concello, ou perante o órgano que teña atribuídas as competencias por delegación, neste caso a Excma. Deputación de A Coruña, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Á vista da documentación presentada, a Excma Deputación de A Coruña ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada

4.4- Requisitos das instalacións renovables.

As instalacións susceptibles de bonificar deben cumprir os seguintes requisitos mínimos; tanto no tamaño como no grado de eficiencia dos seus equipos para poder consideralos como renovables, e consecuentemente bonificables.

En base a isto, aplicaranse os seguintes valores:

INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS:

· Tamaño da instalación:

Relacionase o tamaño da instalación en base a potencia que teñan contratada no ben. Este valor será igual ou superior ao 60% da potencia contratada coa Compañía Comercializadora de Electricidade.

· Características da instalación e elementos:

As instalacións deberán cumprir cos requisitos establecidos no REBT (Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión), así como os previstos en calquera outra normativa de aplicación relacionada. A instalación deberá ser realizada por un instalador acreditado, con presentación de certificado autorizado pola Delegación de Industria (IN614C). Os paneis de silicio monocristalino (nin amorfos, nin policristalinos non serán obxecto de bonificación por baixa calidade) Os paneis fotovoltaicos deben ter unha eficiencia enerxética igual ou superior ao 20% para irradiación de 1000w/m2 e temperatura de 25 ºC. Garantía do panel mínimo 12 anos. Degradación anual non maior a 0.55%

INSTALACIÓNS PANEIS TÉRMICOS:

A bonificación asóciase co aforro de enerxía. Tendo en conta o indicado no CTE, para instalacións con necesidades de auga quente a 60ºC menores 5000l/dia o aforro de enerxía coa instalación solar térmica debe de ser do 60%; e para consumos maiores a 5000l/dia o aforro de enerxía coa instalación solar térmica debe de ser do 70%.

· Características da instalación e elementos:

As instalacións deberán cumprir cos requisitos establecidos no RITE e CTE, así como con calquera outra normativa de aplicación relacionada.

A instalación deberá ser realizada por instalador acreditado, con presentación de certificado autorizado pola Delegación de Industria (IN622B). A curva de rendemento medio anual do colector térmico será igual ou superior 60%. Para calcular o rendemento do captador solar térmico aplicarase a fórmula: $\eta = \eta 0 - k1 \times (Tm - Ta) / G$ onde $\eta 0$ es el rendemento óptico, k1 es el coeficiente de perdas, Tm es la temperatura media del captador, Ta es la temperatura ambiente y G es la irradiancia

5. As bonificacións ás que fan referencia os catro apartados anteriores deste artigo teñen carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente máis dun suposto dos referidos nos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte máis vantaxosa para o suxeito pasivo.

Artigo 5.º.

Establecer a cantidade de 12,00 € (doce euros e cero céntimos) como importe mínimo para que a Excma. Deputación Provincial de A Coruña instrúa novos expedientes executivos de prema, de xeito que unha vez notificadas as providencias de prema e finalizado o prazo de ingreso sinalado nelas sen que se fixera efectiva a débeda, o Servizo de Recadación dará de baixa as liquidacións que inclúan os expedientes de nova apertura que non cheguen a dito mínimo.”.

Artigo 6.º.

En virtude do establecido na DT 18ª do TRLRFL, establecer como coeficiente para a determinación do valor base no caso de inmobles rústicos valorados conforme ó disposto no apartado 1 da DT 1.ª do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, o 0,5.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2025

Número de anuncio 2024/8469

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza queda derrogada a aprobada polo Pleno o 24 de abril de 2014 publicada no BOP número 124 do 2 de xullo de 2014.""

Faise constar igualmente que contra o acto de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñe-lo recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses que contan a partir do día seguinte ó da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o artigo 46.1 da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Bergondo, 25 de novembro de 2024

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2024/8469

Número de anuncio 2024/8469